

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE XANEIRO DE 2017

**LICENZAS
FAVORABLES**

LIC/674/2016.- EUNICE MENDEZ BENEGASSI GAMALLO.- Conceder licenza para rehabilitación e segregación de vivenda en Cardeal Payá (do) nº 2 – 1º.

LIC/718/2014.- CARLOS GARCÍA CRESPO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a urbanización e posterior edificación dunha vivenda en rúa Canteira de Arriba (da) nº 20.

LIC/1702/2015.- SEVERINO ANTONIO CALVO CANDAL.- Conceder licenza para executar as obras de reconstrución e consolidación de muro existente en rúa Ponte Pedriña de Arriba (da) nº 1.

DESFAVORABLE

LIC/1928/2014.- MANUEL PAIS FAGÍN.- Denegar a solicitude de segregación presentada sobre unha finca sita en Casas Novas.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para rehabilitación e segregación de vivenda en Cardeal Paya (do) nº 2-1º. LIC/674/2016. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a urbanización e posterior edificación dunha vivenda en rúa Canteira de Arriba (da) nº 20. LIC/718/2014. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reconstrución e consolidación de muro existente en rúa Ponte Pedriña de Arriba (da) nº 1. LIC/1702/2015. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á denegación da solicitude de segregación presentada sobre unha finca sita en Casas Novas. LIC/1928/2014. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á estimación do recurso de reposición presentado por BREA HERVÉS, S.L. sobre devolución de aval constituído no ámbito do SUNP-35 (actualmente SUD-18 Caneiros-Boisaca). Expediente PLA/4/2008. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa a inicio de procedemento para determinar si se ocasionaron danos e perdas, por mor das sentenzas 297/2016, de 29.6.16, do Xulgado contencioso-administrativo, e 802/2011 do TSXG. Acórdase iniciar o procedemento orientado a determinar se ao Concello de Santiago se lle ocasionaron danos e perdas no caso da construción do parque comarcal de bombeiros, que sexan susceptibles de imputación á actuación do arquitecto director das obras e da correspondente esixencia de indemnización.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato "Servizos para a execución de operacións de conservación, reparacións, pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago." Acórdase a adxudicación do contrato

de referencia á empresa Espina y Delfín SL, que oferta unha porcentaxe de baixa do 19,4 % a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios recollidos no prego técnico de aplicación. O gasto correspondente a este contrato ascende a 630.800,02 euros, a repartir como segue:

ANO 2017

- _Departamento de Educación: 383.333,33 euros
- _Servizos xerais municipais: 86.250 euros
- _Casa das Asociacións: 3.833,34 euros
- _Centros e locais socioculturais: 42.933,33 euros
- _Benestar Social: 23.000 euros
- _Instalacións deportivas: 65.166,66 euros

ANO 2018

- _Departamento de Educación: 16.666,67 euros
- _Servizos xerais municipais: 3.750,01 euros
- _Casa das Asociacións: 166,67 euros
- _Centros e locais socioculturais: 1866,67 euros
- _Benestar Social: 1000 euros
- _Instalacións deportivas: 2.833,34 euros

8.- IBI: Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á desestimación das alegacións presentadas por unha empresa no contrato do Servizo de comedores escolares no Concello de Santiago de Compostela para os cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017. Acórdase desestimar as alegacións realizadas pola empresa Catering Perea Rojas S.L en atención ao informe xurídico remitido ao respecto. Así, acórdase declarar a concurrencia da prohibición de contratar co Concello de Santiago pola retirada indebida da proposición presentada á licitación "Servizos de comedores escolares para os cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017, fixando a duración desta prohibición en dous anos a contar desde a adopción do acordo pola Xunta de Goberno.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de centros socioculturais relativa á aprobación de programación e prezos públicos das actividades realizadas na rede de centros socioculturais desde o 1º de xaneiro ata o 31 de marzo. Apróbase a programación de actividades regulares previstas para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo, cuxo gasto ascende a 35.000 euros. Prevese un ingreso de 14.497 euros. Apróbanse tamén os prezos públicos desas actividades.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente de mellora e rehabilitación de pavimentos en viarios das parroquias de Santa Cristina de Fecha, Grixoa, Verdía, Nemenzo, Busto, Barciela, Cesar, Carballal, San Caetano e Laraño (POS-2016): Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 169.365,59 euros, máis IVE de 35.566,77 euros.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente de obras de mellora de pavimentación dos viarios nas parroquias de Enfesta, Villestro e O Eixo (POS-2016): Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 141.897,05 euros, máis IVE de 29.798,38 euros.

4.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do expediente de concesión de postos na nave 5 da Praza de Abastos de Santiago. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto para sete locais da nave 5 da Praza de Abastos. Para eses locais establécense canons de 12.024 euros, 18.036 ou 24.048 euros, en función do seu tamaño. As ofertas de canon inferior ao tipo de licitación serán rexeitadas.

5.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á adxudicación do contrato do servizo de implementación do programa municipal de apoio para a inclusión social. Acórdase adxudicar o contrato de referencia á empresa Recursos Galicia SL por un importe de 32.500 euros, exento de IVE.